

RESUMO MESA SECTORIAL 11 OUTUBRO 2016

- **Resolución pola que se convoca bolsa de profesores especialistas para o ciclo formativo de grao superior de mantemento aeromecánico a impartir no CIFP As Mercedes de Lugo**

Do mesmo xeito que se está a convocar unha bolsa de profesores especialistas para o ciclo formativo de grao superior de Mantemento Aeromecánico, entendemos que a Consellería **debería ter convocada esta bolsa para o acceso ao posto de traballo que actualmente está ocupando no CIFP As Mercedes un profesor especialista nomeado en comisión de servizos pola propia Consellería.**

Esta convocatoria chega tarde, e podería terse evitado xa que se coñecía a implantación deste ciclo de FP dende finais do curso anterior. Resulta evidente que se está a vulnerar o principio de igualdade.

Consideramos que se tiña que ter ofertado ao persoal da Consellería, a funcionarios de carreira ou a interinos da consellería con anterioridade a facer unha oferta a persoal alleo da Consellería.

No tocante á orde entendemos que debe haber participación sindical na comisión de selección e non unicamente a información aos sindicatos máis representativos.

A pesar de tratarse dunha selección obxectiva por mor da baremación pura e dura da experiencia docente en aeromecánica ou aviónica e a experiencia no mundo laboral do mantemento de aeronaves, estase a condicionar a contratación a poder desenvolver as funcións explicitadas nun anexo que descoñecemos, polo que non podemos valorar o carácter obxectivo ou non das mesmas.